



Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia- Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

## CERTIFICA:

Que o día 30 de xullo de 2013 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou entre outros, o seguinte acordo:

Por unanimidade dos membros asistentes presentes, e xunto coas delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación, polo Consello de administración da adaptación das referencias legais do Prego de condicións xerais polas que se rexerá a actividade comercial portuaria de consignación de buques en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

O que se fai constar co visto e praxe do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a 30 de xullo de 2013, dacordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.

Vº E PRACE

O PRESIDENTE,



O SECRETARIO,





## **PREGO DE CONDICIÓN XERAIS POLAS QUE SE REXERÁ A ACTIVIDADE COMERCIAL PORTUARIA DE CONSIGNACIÓN DE BUQUES EN PORTOS E INSTALACIÓN PORTUARIAS DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

### **1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O presente prego será de aplicación ao exercicio, en réxime de libre concorrència, da actividade dos axentes consignatarios de buques, no ámbito territorial dos portos e instalacións portuarias competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, coas modificacións que se poidan producir no futuro e con inclusión de todos os espazos e instalacións que se xestionen mediante concesión ou autorización.

O exercicio da dita actividade queda suxeito ás disposicións do presente prego, e, de ser o caso, ás condicións particulares que se determinen por Portos de Galicia.

### **2.- FUNDAMENTOS LEGAIS**

O presente prego apróbase ao abeiro da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, do seu Regulamento e da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

No non disposto no prego de condicións xerais e nas condicións particulares que de ser o caso se establezan, será de aplicación a citada normativa autonómica e o regulamento de servizo e policía dos portos vixente en cada momento, na actualidade o aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976.

No non previsto no prego e na normativa citada será de aplicación a lexislación estatal aplicable na materia, en todo aquilo que non sexa incompatible coa lexislación autonómica.

### **3.- AXENTE CONSIGNATARIO DE BUQUES**

3.1.- De conformidade co establecido no artigo 259 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, en adiante LPEMM, considérase axente consignatario dun buque á persoa física ou xurídica que actúa en nome e representación do navieiro ou do propietario do buque.

Para que o axente consignatario de buques teña esta consideración xurídica nas súas relacións con Portos de Galicia, deberá estar debidamente autorizado expresamente por Portos de Galicia.

3.2.- O axente consignatario de buques desenvolverá, entre outras, as seguintes funcións, cando non sexan desenvoltas directamente polo navieiro ou propietario do buque ou polo seu capitán, referidas ao buque consignado e no porto ou portos nos que teña encargada a consignación:

- a) Xestións de todo tipo relacionadas coa entrada, permanencia e saída dun buque de porto.
- b) Preparación, modificación, entrega, presentación e sinatura, no seu caso, de toda a documentación relacionada cos contratos de transporte subscritos polo navieiro ou propietario do buque.
- c) Asistencia, protección e defensa dos intereses do navieiro ou propietario do buque.
- d) Os restantes actos non incluídos nos apartados anteriores que, con relación ao buque consignado lle sexan encomendados polo navieiro ou propietario do buque nun porto.

3.3.- O axente consignatario de buques poderá desenvolver, asemade, as seguintes funcións cando non sexan desenvoltas directamente polo navieiro ou propietario do buque, polo seu capitán ou polo



consignatario das mercadorías, referidas ás mercadorías, e de ser o caso, aos pasaxeiros transportados ou que transportará o buque consignado, mentres estean baixo a responsabilidade do navieiro ou propietario do buque e no porto no que teña encargada a consignación:

- a).- As xestións relacionadas coa contratación e/ou a supervisión das operacións de estiba, desestiba, carga, descarga, transbordo, depósito, almacenaxe, entrega e recepción de mercadorías, e embarque ou desembarque de pasaxeiros.
- b).- As xestións relacionadas coa contratación e/ou a supervisión dos transportes complementarios incluídos no contrato de transporte das mercadorías cargadas ou descargadas no buque que teña consignado.
- c).- A promoción, negociación e conclusión, en nome do armador, de contratos de transporte de mercadoría e pasaxeiros nos buques por el consignados.
- d).- A preparación, sinatura, modificación, entrega e presentación da documentación relacionada cos contratos á que se refiren os apartados anteriores.
- e).- Os restantes actos non incluídos nos apartados anteriores, que, con relación á mercadoría transportada por un buque, mentres aquela sexa responsabilidade do navieiro ou propietario do buque, lle sexan encomendados por este último, nun porto, e sempre que non impliquen o desenvolvemento das actividades incluídas no servizo de carga, descarga, estiba, desestiba e transbordo de mercadorías.

#### **4.- AUTORIZACIÓN**

4.1.- De acordo co establecido no anexo 3, taxas por servizos profesionais, clave 99, tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, taxa 03 - tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, para o exercicio da actividade de axente consignatario de buques en portos da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá obterse a preceptiva autorización de Portos de Galicia.

4.2.- A autorización outorgarase de maneira específica para o exercicio das operacións que integran a actividade comercial de consignación de buques enumeradas no artigo 3.

4.3.- Poderán ser titulares de autorizacións as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non esixa o dito requisito, que non estean incursas en causas de incompatibilidade ou de prohibición para contratar coa Administración.

Os interesados deberán formular a correspondente solicitude ante Portos de Galicia, acompañando os seguintes documentos:

- a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, no seu caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

A personalidade do solicitante acreditarase:

1. Solicitante persoa física:

- DNI-NIF.



2. Solicitante persoa xurídica:

- Escritura de constitución, e, de ser o caso, de modificación, inscritas no rexistro mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación. Se non o fora, se presentará escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade.

- CIF.

- DNI da persoa asinante da solicitude xunto co poder de representación debidamente bastantado por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado ou doutra Comunidade Autónoma.

3. O solicitante facilitará domicilio, número de teléfono e FAX e dirección dos medios electrónicos de comunicación de que dispoña.

b).- Xustificantes que acrediten que o solicitante atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia e atópase ó corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

As circunstancias mencionadas acreditaranse coa presentación de certificacións administrativas expedidas respectivamente, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

c).- Xustificación de estar inscrito no Censo da actividade de Axente Consignatario de buques, aos efectos do imposto sobre actividades económicas, o que acreditarase coa presentación de copia da alta e do último recibo do imposto, debendo presentarse así mesmo unha declaración responsable de non ter causado baixa no dito imposto.

d).- Descrición da actividade a desenvolver, mencionando:

1.- Porto ou portos nos que se pretende desenvolver a actividade.

2.- Actividades concretas que, ao abeiro do establecido no artigo 3 deste prego, vanse a desenvolver.

3.- Compañías navieiras que represente ou compromisos comerciais cos que conte.

4.- No caso de que se trate de liñas marítimas regulares, indicará: o seu itinerario, frecuencia, tipo de buques, peculiaridades que afecten ao tráfico marítimo, e, no seu caso, a súa integración nunha conferencia de fretes.

5.- Cando se trate dun servizo tramp, indicará: tipo de buques e de cargamentos, así como calquera outra peculiaridade.

6.- No caso de que o solicitante pretenda realizar directamente como empresa estibadora os servizos de manipulación de mercadorías deberá mencionar este extremo.

7.- Calquera outro dato que estimen oportuno, tales como organización, medios, sucursais ou subaxencias noutros portos.

e).- Estimación aproximada do volume de operacións que espera realizar anualmente (nº de buques e GT totais/ano e toneladas anuais de mercadorías cargadas ou descargadas).

f).- Medios e organización humanos e materiais cos que conta para a realización das actividades previstas.



g).- Nome e DNI da persoa que asumirá a representación do solicitante en cada porto ou instalación, que efectuará as labores de relación ordinaria ante Portos de Galicia para canto se derive da prestación do servizo, debendo acreditarse a dita representación coa documentación de apoderamento suficiente.

h).- Descrición, segundo a lexislación aplicable na materia, do sistema de prevención de riscos laborais da empresa.

i).- Plan de emerxencias aplicable ao desenvolvemento da súa actividade e de contingencias medioambientais.

j).- Prazo polo que se solicita a autorización.

k).- Compromiso de notificar inmediatamente a Portos de Galicia, calquera modificación que afecte aos apartados anteriores e se produza con posterioridade á solicitude de autorización.

l).- Declaración expresa de coñecer e aceptar o condicionado do presente prego.

m).- Documentación xustificativa de ter constituído a garantía á que fai referencia o artigo 8.

n).- Documentación xustificativa de ter concertado o seguro de responsabilidade civil a que fai referencia o artigo 10.

o).- Calquera outro requisito que Portos de Galicia considere oportuno solicitar a algunha empresa en particular.

4.4.- A autorización para o desenvolvemento desta actividade poderá solicitarse en calquera momento. A solicitude presentarase no Rexistro Xeral de Portos de Galicia sito en Area central, Praza de Europa, 5-A, 6º, 15.707, Santiago de Compostela, e irá dirixidas ao Presidente de Portos de Galicia. Poderá tamén presentarse nos Rexistros correspondentes ás Zonas Norte, Centro e Sur de Portos de Galicia, ou por calquera outros medios admitidos na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Aquelas empresas que na data de aprobación do presente prego estean a desenvolver a actividade de consignación de buques nalgún dos portos ou instalacións suxeitos ao ámbito de aplicación deste prego, e que teñan a intención de continuar con esta actividade, adaptaranse para os efectos de presentar a súa solicitude e obter la preceptiva autorización ao establecido na Disposición Final 3ª deste prego.

4.5.- A autorización será outorgada pola Presidencia de Portos de Galicia, con suxeición ás condicións xerais previstas neste prego e ás particulares que no seu caso se establezan, documentos que formarán parte e se integrarán na resolución de outorgamento da autorización, para o que deberán ser expresa e previamente aceptados.

Os acordos tanto de autorización como de denegación deberán de ser motivados, reservándose en calquera caso Portos de Galicia a facultade discrecional de rexeitar solicitudes ou modificar sensiblemente o seu contido, cando razóns estritas de explotación portuaria fagan imposible outorgar unha autorización ou motiven o seu outorgamento baixo condicións distintas das solicitadas.

4.6.- O outorgamento desta autorización non exige ao seu titular de estar en posesión das licencias, permisos e autorizacións esixidas legalmente en cada momento para o desenvolvemento desta actividade.

A perda por calquera causa das pertinentes licencias, permisos e autorizacións, será causa de extinción da autorización.



4.7.- O consignatario de buques virá obrigado a cumprir as disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten que afecten ao dominio público utilizado e ás actividades que no mesmo se desenvolvan.

4.8.- No suposto de que o exercicio das actividades previstas neste prego requiran a ocupación do dominio público portuario, tramitárase nun solo expediente, outorgándose un único título administrativo, polo que a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sen prexuízo da esixencia das taxas que procedan por ámbolos dous conceptos.

4.9.- A autorización poderá transmitirse a persoas distintas daquelas ás que foi orixinarmente outorgadas previa autorización de Portos de Galicia, cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:

a).- Que a transmisión se faga a favor duna persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos sinalados neste prego para ser titular duna autorización de consignación de buques.

b).- Que se cumpran os requisitos previstos para a transmisión da concesión administrativa, cando a autorización se transmita xunto coa concesión do dominio público na que se desenvolve a actividade.

## **5.- PRAZOS E PRÓRROGAS**

5.1.- O prazo máximo de vixencia das autorizacións para a realización da actividade comercial de consignación de buques será de 5 anos, prorrogables por períodos da mesma duración.

As prórrogas serán concedidas de maneira discrecional por Portos de Galicia, e requirirán a solicitude polo seu titular no semestre anterior á expiración do prazo da autorización. As condicións da autorización prorrogada se axustarán á normativa de aplicación e prego regulador da actividade vixentes nese momento, así como ás condicións particulares que, de ser o caso, se establezan.

## **6.- TAXAS E GASTOS**

6.1.- Taxa polo desenvolvemento da actividade.

O titular da autorización aboará por este concepto a taxa anual correspondente conforme ó disposto no Anexo 3, Taxas por servizos profesionais, Clave 99, Tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, taxa 03 – Tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

A contía concreta da taxa será a especificada nas condicións particulares da autorización, e consistirá nunha cantidade a satisfacer por servizo de consignación prestado, variable en función do arqueo do buque consignado.

Significar que, ao abeiro do establecido no apartado 3º da taxa 03 da Lei 6/2003, a cota da taxa que figure nas condicións particulares poderá ser modificada, e neste senso queda supeditada á que se fixe por decreto, de xeito que poderá ser reliquidada pola diferenza resultante dende o inicio da vixencia da autorización de conformidade cos termos que resulten do devandito decreto.

Os períodos concretos de liquidación serán os especificados nas condicións particulares da autorización e non poderán exceder dun ano.



No valor da taxa non está incluído o IVE, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

A taxa será revisada de acordo cos criterios establecidos no artigo 15.6 e na Disposición Adicional 2ª da Lei 6/2003, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma.

Independentemente de que a garantía depositada contemplada no artigo 8 responde do aboamento da taxa, Portos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 16 da mencionada Lei 6/2003 e no artigo 20 da lei 5/1994, de creación do ente público Portos de Galicia, poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento.

6.2.- No suposto de que a actividade de consignación estea incorporada a unha concesión ou autorización de ocupación do dominio público, o titular da autorización deberá aboar as taxas que procedan por ámbolos dous conceptos. En particular, estará obrigado a facer fronte á repercusión da parte da cota líquida do imposto de bens inmobles aplicable ao ben demanial ou patrimonial do que o titular da autorización faga uso con motivo da concesión ou autorización outorgada; segundo se establece no artigo 63.2, segundo parágrafo, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. A tal efecto, Portos de Galicia determinará a cota repercutible en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e a construción directamente vinculada.

6.3.- Serán da conta do titular da autorización o aboamento dos impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación, e tódolos gastos que ocasione o desenvolvemento da actividade.

6.4.- Serán así mesmo de conta do titular da autorización todos os gastos que se ocasionen con motivo da tramitación da mesma.

## **7.- ABONOS DAS LIQUIDACIÓNS POR SERVIZOS PORTUARIOS**

7.1.- Os axentes consignatarios de buques estarán obrigados directamente ante Portos de Galicia ao aboamento das liquidacións das taxas correspondentes aos servizos portuarios que lle sexan prestados por Portos de Galicia, en especial os relativos á entrada e estancia do buque e o seu atraque, de conformidade co establecido na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de taxas.

7.2.- Así mesmo, os axentes consignatarios responderán do aboamento das liquidacións que lle practiquen polos seus servizos empresas que veñan prestando en réxime de autorización servizos ou outras actividades comerciais no porto, así como, no seu caso, do aboamento das liquidacións que presente Portos de Galicia ou as empresas antes mencionadas polo paso da mercadoría polo porto e polos servizos que a ela se lle presten mentres estea baixo a responsabilidade do navieiro ou propietario do buque, de acordo coa regulación vixente en cada caso sobre tarifas por servizos portuarios.

## **8.- GARANTÍAS**

8.1.- A fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas das actividades reguladas neste prego, os solicitantes deberán constituír unha garantía en metálico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución por un importe de 12.000 euros. Este importe será revisado cada cinco anos de acordo coa variación experimentada nese período polo Índice Xeral de Prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC).



As garantías constituídas estarán a disposición do Presidente do ente público Portos de Galicia e depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

A garantía depositada responderá de tódalas obrigas económicas derivadas desta autorización, incluídas as medioambientais, e igualmente das sancións administrativas que sexan consecuencia do desenvolvemento da actividade.

8.2.- Extinguida a autorización para o desenvolvemento da actividade nos supostos previstos no artigo 18, procederá a cancelación e devolución da garantía, unha vez realizado o pago das liquidacións pendentes, e sempre que non proceda unha incautación total ou parcial por incumprimento do consignatario.

8.3.- Con carácter excepcional, e coa finalidade de garantir un servizo de consignación dun buque que eventualmente implique un risco intrínseco ou ocasione unha liquidación de importe superior ao previsto para a garantía depositada, o Presidente de Portos de Galicia poderá acordar a constitución dunha garantía complementaria á xa depositada. Finalizada a operación que motiva a constitución desta garantía complementaria, procederase da maneira establecida no apartado 8.2 deste artigo.

8.4.- O incumprimento das obrigas económicas polo axente consignatario de buques obrigado ao aboamento das liquidacións, e as responsabilidades de calquera outra índole en que poida incurrir e que permitan unha execución pecuniaria, habilitarán a execución ou disposición inmediata da garantía constituída.

8.5.- Cando por aplicación do disposto no parágrafo anterior, Portos de Galicia tivera que dispoñer da garantía, total ou parcialmente, o axente consignatario virá obrigado a repoñela ou completala nun prazo dun mes, contado dende o acto de disposición. O incumprimento desta obriga será causa de caducidade da autorización.

Durante o período que transcorra sen restituír ou completar a garantía fixada, Portos de Galicia, co obxecto de garantir o aboamento das taxas e tarifas polos servizos que se presenten no ámbito da súa competencia, poderá esixir o seu depósito previo.

## **9.- RESPONSABILIDADES DOS AXENTES CONSIGNATARIOS**

9.1.- A organización e dirección das actividades obxecto do presente prego é da responsabilidade exclusiva do consignatario, que responderá dos danos e prexuízos e asumirá cantas responsabilidades lle poidan corresponder fronte á Administración ou terceiros afectados polo desenvolvemento das operacións obxecto desta actividade, e que sexan consecuencia das súas propias actuacións, tanto por acción como por omisión.

9.2.- A responsabilidade do consignatario en canto ao cumprimento das obrigas asumidas polo navieiro para cos cargadores ou receptores das mercadorías transportadas polo buque rexerese pola lexislación mercantil específica.

9.3.- O navieiro ou propietario do buque será responsable civil dos danos por avarías, propias ou alleas causadas polo buque ou por accións vinculadas ás operacións do mesmo, así como dos danos ou prexuízos causados a persoas ou bens de Portos de Galicia ou de terceiros, por accións, omisións ou negligencias nas ditas operacións, podendo actuar o axente consignatario no seu nome e representación si o contrato de axencia así o prevé.





9.4.- En canto á responsabilidade en materia sancionadora, e en defecto de lexislación autonómica propia, estarase ó establecido no **artigo 310** da LPEMM.

## **10.- SEGUROS**

10.1.- Os axentes consignatarios de buques, para responder dos danos e prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións a que se refire o artigo 9, estarán obrigados a concertar un seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 300.000 € por sinistro, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación dunha copia da póliza e do recibo de pago da mesma.

10.2.- No que respecta á cobertura das continxencias a que se refire o apartado 9.3 do presente prego, Portos de Galicia poderá requirir en calquera momento do axente consignatario a certificación da entidade aseguradora ou copia suficiente do seguro do ou dos buques que consigne, no que se recolla o aseguramento dos conceptos incluídos no dito apartado.

## **11.- CONDICIÓN S PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE**

11.1.- A prestación da actividade comercial de consignación de buques supón a realización das operacións portuarias sinaladas no artigo 3.

11.2.- Sen prexuízo do disposto nos apartados seguintes, o titular da autorización deberá cumprir en todo momento as condicións relativas á explotación portuaria, utilización do dominio público portuario, protección do medioambiente, manipulación de mercadorías perigosas, prevención de riscos laborais e seguridade establecidas na lexislación vixente que sexan de aplicación ás súas operacións no porto, así como as instrucións técnicas ou outros procedementos normativos relativos ao desenvolvemento das operacións que estableza Portos de Galicia ou outras Autoridades competentes.

11.3.- Quedarán en calquera caso suxeitas as empresas autorizadas ás prescricións resultantes do Convenio Internacional para previr a contaminación ocasionada por buques de 1973, modificado polo seu protocolo de 1978, na súa versión vixente (MARPOL 73/78), do Real Decreto 1381/2002, do 20 de decembro, relativo a instalacións portuarias de refugallos de residuos xerados por buques e residuos de carga, e, en consecuencia a tódolos instrumentos normativos, contractuais ou doutra índole que en aplicación desta normativa estableza Portos de Galicia.

11.4.- Aportarán o plan de emerxencia e de continxencias aplicable ao desenvolvemento da súa actividade, que se integrará co plan ou plans elaborados por Portos de Galicia.

11.5.- Os consignatarios deberán manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demais normativa de desenvolvemento, elaborarán toda a documentación relativa ás obrigas que lles impón a dita lexislación, documentación que deberán conservar a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia.

A acción preventiva deberá comprender tódolos traballos, de calquera natureza, desenvolto pola empresa na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva da empresa deberá de estenderse aos traballos que desenvolvan na zona de servizo do porto aos terceiros vinculados de forma permanente ou temporal a súa actividade, como empresas de transporte, reparacións, control e, en xeral, calquera outras relacionadas coa dita actividade.



11.6.- Os axentes consignatarios comprométense a facilitar a Portos de Galicia toda aquela información que lles sexa requirida en relación coa realización da actividade aos efectos de coñecer o resultado físico da actividade desenvolva e recoller os datos estatísticos, técnicos e económicos necesarios para o control e mellora da explotación do porto.

11.7.- Os axentes consignatarios de buques desagregarán na súa facturación a clientes os cargos por servizos propios e os que lle presta Portos de Galicia ou outros terceiros, ben en xestión directa ou indirecta, axustándoos aos conceptos e nomenclatura que figuren nas correspondentes taxas e tarifas, e conservando os duplicados de forma que poidan ser inspeccionados e contrastados por Portos de Galicia en todo momento, a requirimento desta.

## **12.- COMUNICACIÓNS CON PORTOS DE GALICIA**

12.1.- A relación ordinaria entre a empresa prestadora e Portos de Galicia, necesaria para o desenvolvemento das operacións previstas neste prego, establecerase a través das Xefaturas de Zona de Portos de Galicia, de maneira directa ou, de ser o caso, a través dos celadores gardapeiraos.

12.2.- Os axentes consignatarios utilizarán para as súas relacións con Portos de Galicia a documentación que esta estableza, incluso mediante sistemas de transmisión electrónica.

Para elo, estableceranse os procedementos que deberá cumprir o axente consignatario e fixaranse as especificacións ás que deberán adaptarse o protocolo e mensaxes estándar a empregar.

## **13.- DESENVOLVEMENTO DAS OPERACIÓNS**

13.1.- A organización e dirección dos traballos que integran a actividade de consignación é responsabilidade exclusiva do titular da autorización, que observará no desenvolvemento das súas actividades todo o que sinalen as disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten que afecten ao dominio público utilizado e ás actividades que no mesmo se desenvolvan, en especial o disposto no regulamento do servizo, policía e réxime dos portos, nas regras de aplicación previstas na normativa vixente en materia de taxas portuarias, nas condicións particulares da autorización e nas normas de explotación e instrucións que, tanto de un modo xeral como específico, dite Portos de Galicia, a Administración Marítima e outros Organismos nas materias da súa competencia e o Capitán do buque no que se refire ás actividades que se leven a cabo ao bordo do buque.

13.2.- Calquera servizo portuario que o titular da autorización desexe recibir deberá de ser solicitado ás Xefaturas de Zona de Portos de Galicia de acordo coa normativa vixente e lle será liquidado aplicando as taxas portuarias en vigor.

13.3.- No que respecta á tramitación, documentación a presentar, condicións e circunstancias relativas á entrada, estancia, atraque, desatraque, operacións no porto, etc., será así mesmo de aplicación o disposto no regulamento de servizo e policía do porto, nas regras de aplicación das taxas portuarias, nas condicións particulares da autorización e nas instrucións ou restantes pregos que Portos de Galicia poida ditar ao respecto.

13.4.- Naqueles portos afectados polo Código Internacional para a protección dos buques e instalacións portuarias (CÓDIGO PBIP) adoptado pola Conferencia Diplomática sobre Protección Marítima celebrada en Londres en decembro do 2002 e trasposto á normativa comunitaria polo regulamento CE nº 725/2004, observaranse igualmente as prescricións contidas nos respectivos plans de protección das



instalacións portuarias, e as instrucións que en aplicación do mesmo sexan impartidas polos oficiais de protección de Portos de Galicia e demais autoridades competentes nesta materia.

13.5.- Durante o desenvolvemento das manobras de atraque e desatraque e durante a permanencia do buque en porto, acataranse todas as ordes e instrucións que lles sexan impartidas por responsables de Portos de Galicia, e particularmente polas Xefaturas de Zona respectivas e polos celadores gardapeiraos destinados no porto, que, a estes efectos, teñen a condición de axentes da autoridade de Portos de Galicia no exercicio das potestades de policía portuaria recollidas no devandito regulamento.

13.6.- Os buques atracarán nos puntos dos peiraos que sexan sinalados de maneira que non obstaculicen outras labores de explotación ou utilización do porto, e sen que poidan causar danos ou avarías ás obras, instalacións ou utilaxe do porto, tomándose as medidas que sexan axeitadas para evitar que durante a súa estancia ou no momento de efectuar as operacións de desatraque poidan ocasionalos.

13.7.- Está rigorosamente prohibido que os buques realicen durante a súa estancia en porto vertidos de calquera tipo ou produzan calquera outra clase de contaminación. En todo caso, calquera circunstancia ineludible deste tipo que puidera presentarse, notificarase inmediatamente aos celadores gardapeiraos responsables do porto e á Autoridade de Mariña que sexa procedente.

#### **14.- PERSOAL PARTICIPANTE NAS ACTIVIDADES DE CONSIGNACIÓN**

14.1.- Todo o persoal necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto da autorización será por conta e a cargo do titular, que deberá de cumprilas obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de seguridade social.

14.2.- Todo o persoal, calquera que sexa o seu réxime laboral, utilizado polo consignatario para desenvolver as súas actividades no porto deberá estar autorizado expresamente por Portos de Galicia para acceder ao recinto portuario, e deberá cumprir en todo momento as instrucións que dite Portos de Galicia respecto ao control do acceso ás instalacións portuarias.

Igual autorización precisará o persoal de calquera outra empresa que realice traballos de calquera índole para o titular da autorización.

14.3.- O axente consignatario de buques solicitará das xefaturas de Zona as autorizacións pertinentes para o acceso ao porto e a zonas pechadas ou acotadas dos peiraos de cada unha das persoas da empresa que teñan que realizar nos ditos espazos algunha actividade, sendo responsable civil das actuacións persoais das mesmas. Tamén dará conta da persoa ou persoas que, debidamente apoderadas, asuman a súa representación polo que se refire á petición da prestación de servizos.

#### **15.- INFORMACIÓN AOS CLIENTES**

Os axentes consignatarios de buques difundirán entre os seus clientes tanto as normas que lles poidan afectar como o réxime de taxas e tarifario do porto e as súas regras de aplicación, de modo que se evite en todo momento incorrer no non pagamento ou responsabilidades por ignorancia daqueles, sen prexuízo de que por Portos de Galicia poidan establecerse os canais de información que considere precisos en relación cos servizos do porto.



## **16.- INDEMNIZACIÓN A PRÁCTICOS**

Se por causa do mal tempo ou por dispoñelo así o persoal competente de Portos de Galicia ou as Autoridades Marítimas competentes, non puidera desembarcar o práctico, serán por conta do buque a manutención e aloxamento daquel. Se as circunstancias obrigasen ao buque ao traslado a outro porto, tamén o serán os seus gastos de regreso.

## **17.- RENUNCIA Á CONSIGNACIÓN DUN BUQUE**

17.1.- De conformidade co disposto no artigo 259.4 da LPEMM, o axente consignatario dun buque poderá renunciar unilateralmente á consignación do mesmo, debendo comunicar de forma fehaciente a Portos de Galicia e á Capitanía Marítima tal renuncia, que será efectiva respecto de cada Autoridade unha vez se teña satisfeito a cada unha delas as débedas pendentes ata o momento das respectivas comunicacións.

17.2.- Sen prexuízo do disposto no anterior parágrafo, e de acordo co establecido no artigo 1737 do Código Civil, o consignatario deberá de continuar a súa xestión ata que o navieiro ou armador poida tomaras disposicións necesarias para ocorrer a dita falta.

## **18.- EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN**

18.1.- A autorización extinguirase polas seguintes causas:

- a).- Vencemento do prazo de outorgamento.
- b).- Revisión de oficio nos supostos establecidos na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- c).- Revogación por incumprimento das condicións establecidas no presente prego ou nas condicións particulares da autorización.
- d).- Renuncia do titular que só poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízos a este ou a terceiros.
- e).- Mutuo acordo entre Portos de Galicia e o titular da autorización.
- f).- Disolución ou extinción da sociedade titular da autorización agás nos supostos de fusión ou escisión. No suposto de que o axente consignatario incorra en situación legal de suspensión de pagos, virá obrigado a efectuar o depósito previo do importe dos servizos que a partires dese instante solicite a Portos de Galicia. En caso contrario, denegaráselle a prestación daqueles servizos.
- g).- Caducidade.
- h).- Extinción ou perda das licencias, permisos ou autorizacións que sexan legalmente preceptivas para o desenvolvemento da actividade, incluída a baixa no censo de axentes consignatarios de buques aos efectos do imposto de actividades económicas.
- i).- Extinción da concesión ou autorización ás que se refire o artigo 4.8.

18.2.- Serán causa de caducidade da autorización:

- a).- O non pago de dúas liquidacións consecutivas en concepto de taxa polo desenvolvemento da actividade.



Para iniciar o expediente de caducidade será dabondo que non se tivera efectuado o ingreso en período voluntario. Unha vez iniciado, poderase acordar o seu arquivo si antes de ditar resolución se produce o aboamento do adebedado no procedemento de constrinximento, e se constitúe a garantía que ao respecto fixe Portos de Galicia.

- b).- Desenvolvemento da actividade en portos distintos dos recollidos na autorización.
  - c).- Desenvolvemento de actividades que non figuren no obxecto da autorización.
  - d).- Transmisión da autorización sen ser autorizada previamente por Portos de Galicia.
  - e).- Cesión total ou parcial a un terceiro do desenvolvemento das actividades sen autorización de Portos de Galicia.
  - f).- Non reposición ou complemento da garantía, previo requirimento de Portos de Galicia.
  - g).- A comisión de feitos que teñan a consideración de moi graves en función da lexislación sancionadora aplicable ou a reincidencia en feitos que teñan a consideración de graves.
  - h).- Non adaptación aos pregos reguladores e condicións particulares nos supostos definidos na Disposición Final 1ª.
  - i).- Incumprimento doutras condicións que prevexan expresamente a súa inobservancia como causa de caducidade da autorización.
- 18.3.- Extinguida a autorización, Portos de Galicia non asumirá ningún tipo de obriga laboral, económica, contractual ou de calquera outra clase que tivera contraída o titular da autorización.
- 18.4.- En todo o non previsto nas anteriores apartados estarase ao disposto na normativa que regula a utilización e explotación do dominio público portuario.

### **19.- CONSIGNACIÓNS EVENTUAIS**

- 19.1.- Portos de Galicia poderá autorizar a consignación eventual dun buque por un consignatario que non opere habitualmente nos portos e instalacións dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
- a).- Que o solicitante estea autorizado a desenvolver a actividade de consignación nalgún porto español.
  - b).- Que xustifique axeitadamente que o seu seguro de responsabilidade civil cubra os riscos a que fai referencia o artigo 9 e 10 pola consignación eventual solicitada, cun importe mínimo de 300.000 euros.
  - c).- Que deposite previamente o importe das taxas portuarias polos servizos portuarios correspondentes á consignación autorizada, en especial os relativos á entrada e estancia do buque e o seu atraque, de conformidade co establecido na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de taxas.
- 19.2.- Para o outorgamento dunha autorización deste tipo o interesado deberá presentar en Portos de Galicia a correspondente solicitude, indicando detalladamente as características específicas do servizo de consignación que pretende realizar: características do buque, características das operacións a realizar polo buque, data de entrada e de saída, etc., e acompañada dos seguintes documentos:



- a).- Datos do solicitante, indicando en qué porto ou portos posúe autorización para o desenvolvemento da actividade de consignatario. O solicitante facilitará domicilio, número de teléfono e FAX e dirección dos medios electrónicos de comunicación de que dispoña.
- b).- DNI da persoa asinante da solicitude xunto co poder de representación debidamente bastantado por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado ou doutra Comunidade Autónoma.
- c).- Nome e DNI da persoa que asumirá a representación do solicitante en cada porto ou instalación, que efectuará as labores de relación ordinaria ante Portos de Galicia para canto se derive da prestación do servizo, debendo acreditarse dita representación coa documentación de apoderamento suficiente.
- d).- Manifestación expresa do solicitante de que presta a súa conformidade para que Portos de Galicia poida recibir dos mencionados portos tódolos datos relativos ó interesado necesarios para acreditar a solvencia do mesmo, incluídos os suxeitos á lexislación de protección da datos.
- e).- Documentación acreditativa de ter concertado o seguro de responsabilidade civil a que fai referencia o parágrafo c) do apartado 8.1) anterior.
- f).- Descrición o mais detallada posible do sistema de prevención de riscos laborais da empresa.
- g).- Plan de emerxencias aplicable ao desenvolvemento da súa actividade e de continxencias medioambientais.
- h).- Declaración expresa de coñecer e aceptar o condicionado do presente prego.
- i).- Calquera outro requisito que, de ser o caso, Portos de Galicia considere oportuno solicitar.

19.3.- No caso de que se lle outorgue a autorización solicitada, deberá depositar con anterioridade á prestación do servizo e no prazo indicado por Portos de Galicia o importe das taxas portuarias correspondentes ao dito servizo, na forma que lle sexa indicada por Portos de Galicia.

A autorización quedará condicionada ao cumprimento desta obriga, de tal xeito que o seu incumprimento suporá a anulación automática da autorización.

## **20.- RECLAMACIÓNS E RECURSOS**

20.1.- As reclamacións sobre aplicación ou interpretación deste prego, agás as reclamacións relativas á aplicación das taxas, serán resoltas polo Presidente de Portos de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

20.2.- As reclamacións relativas á aplicación de taxas serán resoltas pola Dirección de Portos de Galicia e serán recorribles na vía económico -administrativa.

## **DISPOSICIÓN FINAIS**

1ª .- Con arranxo aos principios de obxectividade e proporcionalidade, e en calquera caso sempre que veña imposto por normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modificar as condicións impostas aos titulares desta autorización, previa audiencia dos interesados, cando se modifiquen as condicións do presente prego regulador. A modificación establecerá un prazo para que os titulares se adapten ao nela disposto. Transcorrido o dito prazo sen que teña lugar a adaptación, as autorizacións quedarán sen efecto.



2ª.- Os navieiros, propietarios de buques ou capitáns de buques que non teñan consignatario, estarán suxeitos ao que dispón o presente Prego en todo o que do mesmo lles sexa de aplicación, debendo presentar ante Portos de Galicia no momento de solicitar os servizos portuarios, unha garantía dabondo que cubra a este e a empresas prestadoras de servizos dos riscos de non pago das correspondentes facturas e liquidacións. Así mesmo deberán presentar fotocopia da póliza de seguros á que se refire o artigo 10. A non presentación da citada garantía ou da póliza de seguros mencionada ou a súa consideración como insuficientes, a xuízo de Portos de Galicia, serán causa suficiente para negar os servizos solicitados e a entrada en porto.

3ª.- Portos de Galicia procederá de oficio a remitir a todas aquelas empresas que na data de aprobación do presente prego estean a desenvolver a actividade de consignación de buques nalgún dos portos ou instalacións suxeitos ao ámbito de aplicación deste prego, e que teñan a intención de continuar con esta actividades, un exemplar do mesmo co mandato expreso de que procedan a remitir, nun prazo máximo de dous meses, unha solicitude formal acompañada da documentación preceptiva.

Se non se cumprira este requisito no prazo sinalado, Portos de Galicia poderá prohibir o desenvolvemento de actividade ata a regularización da mesma.

4ª.- Este prego de condicións será de aplicación dende o día seguinte ao da publicación do Acordo de aprobación polo Consello de Administración de Portos de Galicia no Diario Oficial de Galicia.

**CONDICIÓN PARTICULARES:**

1ª.- A presente autorización outórgase á empresa \_\_\_\_\_ para realizar a actividade comercial portuaria de consignación de buques nos portos de \_\_\_\_\_.

2ª.- O titular da autorización aboará en concepto de taxa polo desenvolvemento da actividade prevista na condición xeral 6ª, as cotas establecidas no anexo 3, taxas por servizos profesionais, clave 99, tarifas portuarias aplicables nos portos e instalacións competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, taxa 03 - tarifas portuarias polo exercicio de actividades comerciais, industriais ou de servizos da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que se recollen na seguinte táboa e que se establecen en función do arqueo do buque consignado.

<b>Arqueo (GT)</b>	<b>Taxa (en euros)</b>
Menor ou igual que 1.500 GT	11,77
Maior que 1.500 GT e menor ou igual que 3.000 GT	14,12
Maior que 3.000 GT e menor ou igual que 4.000 GT	16,47
Maior que 4.000 GT	18,83